

**39.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE SETEMBRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS 37/2016 E 38/2016 DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL CELEBRADAS OS DÍAS 5 DE SETEMBRO DE 2016 E 12 DE SETEMBRO DE 2016.**

Acordouse aprobar as actas núms. 37/2016 e 38/2016 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 5 de setembro de 2016 e 12 de setembro de 2016, e procedeuse á súa transcrición ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para ampliación de explotación de vacún na parcela no lugar de Castiñeiro-Méixome-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 08/08/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 08/09/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 937,08 euros.

### **3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**3.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar sita no lugar da Igrexa–Goiás-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 15/09/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 16/09/16 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 150 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **4.- LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA.**

**4.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA** na praza superior ao aparcamento “Aldea Grande”-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 26/07/16, e constando no expediente a constitución de fianza, na Tesourería Municipal, con data 27/07/16 e por importe de 720 €.

### **5.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRA.**

**5.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para execución de soleira de formigón en Castiñeiro, 20– Méixome-Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 11/05/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 08/09/16 por importe de de 214,92 euros en concepto de ICIO.

**5.2.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a realización de traballos na fachada do referido edificio na rúa Habana, 15-17 Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 02/09/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/09/16 por importe de de 30,15 euros en concepto de ICIO.

### **6.- INFORME URBANÍSTICO.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

## **7.- CONVENIO ADMINISTRATIVOS.**

**7.1.-** Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración** relativo á agrupación do Concello de Lalín cos Concellos de Rodeiro e A Golada para a línea de subvención compartida do programa de apoio ós Centros de información ás mulleres.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

**8.1.-** Acordouse proceder a **aprobación das facturas e o recoñecemento da obriga por un importe total de 160.534,06 €**, segundo as relacións nº 00112: 7.782,49 €, nº 00113: 34.458,95 €, nº 00114: 981,81 €, nº 00115: 273,41 € e nº 00116: 117.037,40 €), e proceder a reclamar a Espina & Delfin o importe de 1.255,22 € correspondente as relacións 00114: 981,81 € e nº 00115: 273,41 €. Así como requirirlle o cambio de titular contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

## **9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**9.1.-** Acordouse **acollerse á Orde do 5 de agosto de 2016**, solicitando a subvención para a prórroga da axente de emprego e desenvolvemento local.

**9.2.-** Acordouse **autorizar un gasto de 600,00 euros con IVE incluído, para a Iª Feira Agroecolóxica Natural Lugo**, que vaia acompañada do XIIº Congreso Nacional da Sociedade Española da agricultura Ecolóxica/Agroecoloxía (SEAE), para a presenza do Concello de Lalín nesta feira cun espazo propio, para promocionar produtos ecolóxicos do noso agro lalinense.

**9.3.-** Acordouse a **concesión de postos e aprobación das altas e liquidacións para o exercicio de 2016** pola taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, segundo o anexo que acompaña a esta proposta (Anexo I).

**9.4.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto de 10.784,73 euros (IVE incluído) con destino ao servizo **“Plan de adaptación de procedementos e sistemas informático do Concello de Lalín á lexislación en materia de novas**

**tecnoloxías”** contratando o citado servizo coa empresa PINTOS & SALGADO, SCP con suxeición ao réxime dos contratos menores.

**9.5.-** Acordouse aproba-la lista cobratoria correspondente aos abonos mensuais do Prezo Público pola prestación de **servizos de aparcamento** no parking Aldea Grande, correspondente ao mes de setembro do 2016, por importe total de 1.140 €.

## **10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**10.1.-** Acordouse **desestimar as alegacións ou peticións formuladas** pola empresa PLANTADEZA, S.L, en relación coa execución de varios servizos relacionados co mantemento dos Parques e Xardíns deste Concello de Lalín, vistos os informes emitidos pola Técnica de Administración Xeral de data 12 de setembro de 2016 e do Enxeñeiro Técnico Municipal de data 8 de agosto de 2016.

**10.2.-** Acordouse **solicitar unha prórroga para a xustificación** do investimento MELLORA DE CAMIÑOS DE PORTOSECO (GOIÁS) E REGUFE (SELLO) no Concello de Lalín, ata o 15 de outubro de 2016.

**10.3.-** Acordouse autorizar a empresa NEITREN OCIO, S.L, para circular polas rúas de Lalín, para a actividade exclusiva de atracción, vía **TREN TURÍSTICO** durante as festas das Dores do presente ano 2016, transportando persoas en dito tren para promocionar e dar a coñecer o casco urbano de Lalín, dende o día 23 de setembro de 2016 ata o día 27 de setembro de 2016.

**10.4.-** Deuse conta do escrito no que se comunica que a **Asociación CIRLA está organizando en colaboración co Concello de Lalín, o Encontro de Concellos irmanados Living IN a Democratic, Egalitarian and Non-Violent Society (acrónimo LINDENS)** que terá lugar en Lalín do 26 ao 30 de outubro de 2016, no que solicitan que a Comisión de Rueiros de Lalín aprobe unha ubicación para a futura praza “Lalín saúda Linden” que sería inaugurada coincidindo coa presenza dos representantes municipais das 6 vilas irmanadas o día 29 de outubro de 2016.

**10.5.-** Acordouse prestar colaboración á Asociación CIRLA para o Encontro de Concellos irmandados **Living IN a Democratic, Egalitarian and Non-Violent Society (acrónimo LINDENS)** que terá lugar en Lalín do 26 o 30 de outubro de 2016. As delegacións convidadas serán un máximo de 54 membros do Concellos europeos irmanados “Linden saúde Linden”: Lalín, Linden/Schleswig-Holstein (Alemaña), St Georgen am Walde (Austria), Lubbeck

(Bélxica), Lalinde (Francia) e Cuijk (Países Baixos) e na que solicitan colaboración do Concello de Lalín para o uso de instalacións municipais.

**10.6.-** Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, de data 16 de setembro de 2016, **achegando Resolución Presidencial concedendo ó Concello de Lalín a cantidade de 32.000,01 € para a realización do investimento “ACTUACIÓNS NOS LOCAIS DE MONEIXAS E NOCEDA”.**

**10.7.-** Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, de data 19 de setembro de 2016, polo que autorizan o **cambio de finalidade solicitado polo Concello de Lalín, da activiade “Guía de Roteiros” para a actividade “Un interior único”, incluída na Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2016).**

-----